



concellería  
de igualdade



Concello de Vigo

Telefonos denuncia


**091/092**

Máis información no Centro Municipal  
de Información dos Dereitos da Muller


**986 293 963**



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
EN 2007 VÍTIMAS  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)



Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero



**NA VIOLENCIA DE XÉNERO  
NON HAI TREGUA**



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
ATA O 20 DE XUÑO DE 2008  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

No  
pasado ano, un  
total de 71 mulleres  
foron asasinadas en  
España pola súa parella  
ou ex parella,  
das que oito eran  
galegas.

No que vai de ano, hai  
25 novas vítimas. A  
actualización dos datos do  
marcador realízase con  
cifras oficiais procedentes  
do Ministerio de Igualdade,  
que aporta o número real  
de vítimas. Para realizar o  
seguimento das mulleres  
asasinadas pola súa parella ou ex  
parella, a Concellería de Igualdade  
matén un permanente contacto con  
este ministerio. En canto se produce a  
confirmación de que se trata dun novo  
caso de Violencia contra as Mulleres, o  
marcador é actualizado. Do mesmo xeito,  
actualízase o número de siluetas brancas  
situadas na Lonxa do Concello que teñen idéntico  
obxectivo: crear a conciencia de que existe un  
problema social de gran magnitude en cuxa  
erradicación debe implicarse toda a cidadanía.

## NA VIOLENCIA DE XÉNERO NON HAI TREGUA

En tan só uns meses, o  
marcador dixital instalado  
pola Concellería de Igualdade  
de Vigo na rúa do Príncipe o  
pasado mes de novembro,  
convertiuse nun símbolo da  
denuncia da Violencia contra  
as Mulleres.

A súa finalidade, ademais de  
facer visible un grave  
problema social, é converter  
esta traxedia nun problema  
propio, actuar fronte a novos  
casos de violencia e prever  
futuros episodios.

O traslado desta denuncia a  
un espazo público forma parte  
da campaña "Na Violencia  
de Xénero non hai tregua",  
que prosegue coa instalación  
dun novo marcador que  
funciona cun panel solar.  
Deste xeito, a Concellería de  
Igualdade segue a utilizar este  
novo instrumento de denuncia  
e concienciación.



VIGO 2008

Ti podes axudar a frear esta traxedia. Se coñeces un caso de violencia de xénero, denúnciao.